

BRAZ TEIXEIRA, António; NATÁRIO, Maria Celeste; EPIFÂNIO, Renato (coords.): *Sobre a saudade. V Colóquio Luso-Galaico*, Zéfiro, Sintra, 2017, 304p.

Promovidos polo Instituto de Filosofía Luso-Brasileira, a quinta edición dos *Colóquios Luso-Galaicos* sobre a saudade tivo lugar entre o 7 e o 9 de xuño de 2016 en Lisboa, Viana de Castelo e Vigo. As actas recollen, en tres seccións, a pluralidade de voces, pensamentos e propostas que, sobre o asunto da saudade, alí se deron cita. A primeira, está dedicada ao filósofo portugués Afonso Botelho; a segunda á saudade; a terceira recompila cinco cartas de Afonso Botelho dirixidas a António Telmo.

A primeira sección, “Nos 20 anos do falecemento de Afonso Botelho”, está composta por nove estudos sobre a figura, actividade e pensamento, do filósofo, dramaturgo, novelista, animador cultural e co-fundador do Centro Nacional de Cultura (1945) e Instituto de Filosofía Luso-Brasileira (1990), Afonso Botelho (1919-1996).

Abel de Lacerda Botelho (“Um príncipe das letras e da filosofia portuguesa”) fai un memorial no que evoca a mestría de Botelho no uso do silencio, a oralidade e escrita.

António Braz Teixeira (“A estética da saudade em Afonso Botelho”) explica os elementos da reflexión estética de Botelho (sensación englobante, visión plástica, momento plástico, entre outros), a súa singular incardinación na corrente da Estética simbólica (no despregue de conceptos como símbolo, imaxe, arquetipo litúrxico, enigma, misterio, analoxía, principio de movemento), o seu traballo dirixido a unha ontoloxía da saudade (fundamento da súa concepción estética), a análise dos niveis da palabra (perdida, presentida, rexeneradora, divina), e, por último, a saudade como chave que abre o sentido dos paneis do pintor portugués Nuno Gonçalves (século XV).

---

Recibido: 16/09/2018. Aceptado: 24/09/2018.

J. Pinharanda Gomes (“Afonso Botelho: neo-integralismo e filosofía portuguesa”) fai un detallado percorrido pola súa filosofía política en sintonía coa súa biografía, humanismo cristián e aposta pola monarquía. Remata cun apuntamento sobre a difícil relación entre a universidade e os representantes da “filosofía portuguesa”.

José Almeida (“Afonso Botelho: amor, saudade e espírito de conquista na expansión portuguesa”) presenta as claves da súa filosofía da historia (teleolóxica e providencialista, no que atinxe á historia de Portugal) e os conceptos (amor, saudade, belo, desexo, lembranza, espírito de conquista) que deitan luz sobre a singularidade da cultura portuguesa.

Manuel Cândido Pimentel (“Afonso Botelho e a saudade”) expón a súa filosofía e ontoloxía do amor como principio, e orixe, que permite entender a súa orixinalidade como filósofo e testemuñar, desde o ángulo da esencia do acto creador, ou esencia máis remota, un afondamento na, e da, saudade que se descubre fundamentada, non fundamento.

Manuel Ferreira Patrício (“Testemunho sobre Afonso Botelho”) mostra a preocupación de Botelho pola formación e a pedagogía.

Maria de Lourdes Sirgado Ganho (“Afonso Botelho e a cordialidade”) pon de relevo a importancia que outorgaba ao diálogo como arte, método ou procedemento filosófico, e *ethos* primeiro, en orde a construír unha convivencia pacífica e comunicativa que reconece ao outro.

Miguel Real (“Afonso Botelho e a questão do teatro”) detalla o contexto portugués da actividade teatral na década dos anos 60 do pasado século e a resposta de Botelho por medio da creación, e dirección, dunha revista de teatro, e na escrita da peza teatral *O hábito de morrer* (1964).

Sofia A. Carvalho (“Afonso Botelho: leitor de Pascoaes «Preso por um fio de quimera à nebulosa mais longínqua»”) analiza a recepción que fai Botelho de *Regresso ao Paraíso* de Teixeira de Pascoaes e como, de vagar, xorde o seu debuxo persoal do suxeito saudoso, capaz de superar a soidade e converter a saudade nun momento alegórico.

A segunda sección, “Sobre a saudade”, reúne vinte e unha intervencións. Tratan a saudade desde variadas perspectivas: filosófica, ética, política, estética, social, histórica, filolóxica, poética, mística. E presentan a saudade como fenómeno, sentimento, ser, existencia, expresión, aspiración, utopía.

Alberto A. Abreu (“Dispersos de vivências da saudade”) explora diferentes dimensións da saudade, preferentemente na poesía e literatura portuguesas, no que se refire ao seu perfil de fenómeno, vía de auto-análise, palabra, sentimento paradoxal.

Artur Manso (“Do sentimento anti-saudade e anti-saudosismo”) explica o contexto socio-cultural do saudosismo e as claves da polémica xerada pola corrente anti-saudosista que centra as súas críticas no aspecto político-ideolóxico (conservadorismo, nostalxia do pasado), epistemolóxico (anticientificismo, irracionalismo), ético-político (insuficiencia no relativo á construción do porvir). Se o pensamento saudosista periga como filosofía rigorosa cando se achega ao limiar do sebastianismo, o anti-saudosista está lonxe de entender, e valorar, o xenuinamente portugués.

Carlos H. do C. Silva (“Da solidão esencial: para *diferencial* indicativo da saudade”) fai unha intervención filosófica sobre a esencia do estado saudoso como condición metamórfica do ser propio, na que o abandono do alleo en min pode diluírse en triste mortificación ou lucidez extrema dunha monádica periferia. A saudade, como intermedia e transcendente soidade de ninguén, é capaz de revelar as distancias que habitan en min, o outro en min, a escisión que non se satisfai. Condición intermedia, precaria e infecunda, que revela un ser-outro como un estar só esencial desa mesma alteridade constitutiva. A soidade do estado saudoso é desa mesma alteridade totalizada ou concienzializada como un universal concreto desta experiencia nostálxica.

Dirk-Michael Henrich (“Cinco principios para una fenomenología da saudade”) presenta a saudade como concepto central dunha ontoloxía xeral da conciencia en devir rexida por cinco principios: alma, saudade, horizonte, liberdade, culpa. Estes principios configuran o fundamento de toda forma posible de conciencia.

Joana Serrado (“Ânsia: un concepto místico para a filosofía da saudade”) expón a relación entre ansias e saudade no pensamento da cisterciense Joana de Jesus (1617-1681). O misticismo da ansia (estado de exceso que reflexa o encontro e a saudade divina) converte ao sentimento ansioso en condición, e efecto, da experiencia emocional e intelectual co divino.

Joaquim Domingues (“Saudades de Portugal ou as três faces da saudade”) fai unha incursión na teoría da historia da saudade. Propón un esquema xeral de tres fases na historia de Portugal que evolucionan paralelamente á revelación de tres rostros da saudade: lírica, relixiosa, patriótica.

Joaquim Pinto (“A saudade: metalepse anagógica ou enlevamento kairológico”) medita, desde o punto de vista filosófico-etnográfico, sobre a “tradicón ibérica” que aniña, e percorre, a historia, memoria e desexo, dos pobos peninsulares. Tradición ibérica ancestral, espiritual, baseada na palabra-doazón (amor incondicional, liberdade insubornable) que non é outra que a palabra saudosista.

Jorge Teixeira da Cunha (“A saudade à luz da fenomenologia da vida de Michel Henry”) reflexiona sobre a saudade como manifestación da vida immanente do suxeito, e sobre o sentimento saudoso como forza de obrar do suxeito. Mostra que a filosofía do francés Michel Henry (1922-2002) é apta para comprender o sentimento saudoso como inmanencia da propia vida orixinaria que dá a si mesmo o suxeito, vestixio do carácter non-obxectivo da vida do suxeito, *pathos* ou afectividade primeira en que o vivente se encontra instalado. A precedencia da vida sobre o ser abre unha virtualidade de comprensión nova, e religación posible, para a saudade, explanada na fonte de toda enerxía e palabra posible.

Luís G. Soto (“A saudade dos mortos”) enfía unha meditación filosófica, histórica e filolóxica, sobre a experiencia da alteridade, e a posibilidade da acción orientada ao futuro, tomando como obxecto a re-escrita que Rosalía de Castro fai do poema “El murmullo de las olas” (1857) do poeta Aurelio Aguirre. A saudade explórase como interpelación signíca que pode procurar un lugar común e resucitar o lugar común, isto é, unha común historia e unha acción mancomunada.

Manuel Castelão Mexuto (“A divina mão da saudade: Pascoaes nas «Sagas» de Ramón Cabanillas”) explica a recepción que fai Cabanillas de Teixeira de Pascoes, a través de Vicente Risco. A saudade tórnase nas “sagas” o carácter propio e diferencial de Galicia e, tamén, destino. A análise complétase coa descrición detallada da presenza, explícita e implícita, da saudade, nas expresións e conceptos de Cabanillas, nos planos, individual e colectivo, como elemento que alimenta a fundamentación étnica, non á inversa.

Maria Celeste Natário (“Teixeira de Pascoaes: a metáfora do lugar”) fai un retrato evocador de Teixeira no que a súa espiritualidade libre e creadora, poética e metafísica, confire existencia a vagas presenzas de ninguén e a trazos metafísicos do mundo que adoitan pasar desapercibidos.

Maria Seoane Dovigo (“Saudade, poética e política nos autores galegos contemporâneos”) fai un resumo do significado da saudade como elemento do discurso político galego. Selecciona algunhas obras e relaciónaas cos seus contextos.

Mendo Castro Henriques (“Saudades do futuro e anti-saudosismo: apontamentos sobre a saudade na *Estrela* de Franz Rosenzweig”) propón unha relación de intersección (nin coincidencia, nin plena concordancia) entre o concepto de saudade (do pensamento portugués) e *sehnsucht* (que en Rosenzweig ten o aspecto positivo de ser resultado dunha interiorización que precede, en calquera ser, á súa exteriorización, unha contracción que

precede á creación, un abrir espazo no interior do mesmo para acoller o outro e que, deste modo, conduce a ambos os dous á “terra da saudade” na que se realizan as relacións eternas).

M. A. Martínez Quintanar (“Plácido Castro: unha achega á saudade”) dá unha visión da vida e obra do intelectual galego Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967) a partir da súa concepción da saudade baseada no celtismo (como modelo ético), e a súa conceptualización como anhelo do imposible, instinto de vida e vertixe do infinito.

Miguel Barrios Puente (“A dimensión lírica da saudade”) fai un achegamento á recuperación do valor lírico-histórico da saudade (Teixeira de Pascoaes), a súa presenza na literatura galega (Eduardo Pondal, nomeadamente), e a recepción de Teixeira de Pascoaes en Galicia.

Paulo Borges (“A saudade «Do que nunca houbes» en Fernando Pessoa”) analiza polo miúdo a presenza da saudade na obra pessoana, como experiencia innovadora, sen teorizar polo propio poeta, mais con virtualidades aínda descoñecidas. Verifica que Pessoa explora horizontes inéditos na experiencia da saudade, asociándoa a un desexo de evasión radical do dominio do existente, do ser/non-ser e do seu principio. Certifica a saudade dos seres imaxinados, e recusa a saudade existencial (inherente ás eleccións e abdicacións dunha vida) a favor da experiencia simultánea de todos os posibles seres e cursos de acción (cumprindo, deste modo, o impulso holotrópico da propia saudade, verbalizado no programa pessoano de ser e sentir todo de todas as maneiras). A saudade é saudade metafísica da pre/supra-existencia que se converte nun singular e exacerbado arrebatado extático-dionisiaco da conciencia.

Pedro Jacob Morais (“Direito, saudade, utopía”) elabora unha proposta ético-política. A saudade é capaz de desvelar, retirar o veo que cobre os mitoloxemas políticos fundadores, e abre a posibilidade de desconstrución do pasado histórico-mitolóxico, nun movemento de esquecemento-rememoración que pode permitir a realización da utopía (xustiza e minoración do malestar).

Pedro Martins (“O *Marános* de Teixeira de Pascoaes”) reconstrúe, peza a peza, a presenza do xudaísmo na obra *Marános* de Pascoaes. É unha análise detallada, poética e filosófica, do subconsciente hebraico que percorre a poesía de Pascoaes e, tamén, a cultura portuguesa. Un xudaísmo que constitúe antiteticamente un dos termos da diáde da saudade, da nova relixión que Pascoaes vaticinou: o xudaísmo é quen ocupa, en realidade, o lugar que Pascoaes outorga ao paganismo. O marranismo é a clave de interpretación de *Marános*. O marrano é un ser dividido, tenso, oscilante, que só pode fa-

lar ocultando, mais que nesa ocultación fai reverberar a esencia do xudaísmo, clave de bóveda da interpretación axustada da saudade de Pascoaes.

Renato Epifânio (“Entre Portugal e a Galiza, «Dois noivos que a vida separou»: a visión de Agostinho da Silva de Portugal, da Galiza e da Ibéria”) repasa a filosofía da historia do filósofo portugués e localiza os textos nos que describe algúns dos trazos da escisión entre Portugal e Galicia: historicamente necesaria, xenesiaca, horizonte insuperable, mais chave que pode abrir o novo, e aínda descoñecido, iberismo. Un iberismo non entendido como sometemento, máis ou menos voluntario, a Castela, senón como estilo de vida social descentralizado, conversacional, rexionalizado, no que cada nación da Península ve una esperanza, e un punto de apoio para unha futura liberdade, no modelo portugués, portador dunha mensaxe de concordia universal e universalizable.

Rui Lopo (“Vertiginismo, orfismo e saudosismo: aproximación sen *ismos* a Raul Leal”) revela cales son os puntos de aproximación do saudosismo e o *vertiginismo*, en orde a clarexar a vida e obra do escritor e poeta Raul Leal (1886-1964,) e a súa contribución á comprensión do saudosismo e a saudade. O documentado percorrido cronolóxico da obra de Leal mostra a fertilidade de establecer un diálogo entre o concepto de *vertigem* e a saudade, elementos, ambos os dous, dun marco filosófico portugués resultado dunha construción colectiva a partir de singulares expresións individuais. Ontoloxía, estética, historia, lóxica (paradoxal, do terceiro incluído), por exemplo, restan enriquecidas neste entrecruzamento.

Samuel Dimas (“A saudade enquanto conecimento por conaturalidade e manifestação do amor”) incide na función da saudade como sentimento que apunta á peculiaridade da radicación antepredicativa e pre-reflexiva da existencia humana no ser. Esta radicación pasa por un desenvolvemento filosófico que principia nunha fenomenoloxía da saudade e chega a unha teoloxía da saudade, transitando por tres chanzos metafísicos (teoría do coñecemento, ontoloxía, teoloxía filosófica). Deste modo, o divino logra manifestarse á alma humana de forma pre-tética, antecedendo o plano explícito do discurso lóxico-analítico. Unha experiencia de simpatía que resulta da relación de amor que une o home a Deus. A saudade esixe a afirmación noética e pneumática de Deus, no sentido relixioso e teolóxico de Deus como conciencia persoal e puro amor.

A terceira sección “Anexo” (“Cartas de Afonso Botelho para António Telmo”), mostra un esbozo da sincera meta-reflexión que fai Botelho sobre a súa propia escrita, obras e proxectos, a outro filósofo, António Telmo.

As actas do encontro luso-galaico de 2016 *Sobre a saudade*, posúen varias virtudes: mostran a pluralidade de perspectivas filosóficas actuais sobre a saudade; relanzan o concepto, fenómeno e sentimento da saudade como ámbito que crea unha plataforma de diálogo filosófico entre correntes de pensamento, ás veces, antagónicas; ensinan a potencialidade da radicación no local do pensamento filosófico con vocación global; facilitan o encontro de dúas culturas (galega, portuguesa) que teñen ante si un referente común sobre o que pensar, e un obxecto universal que comunicar; demostran o nivel de precisión, rigor, documentación e creatividade do pensamento filosófico portugués e galego.

Miguel Ángel Martínez Quintanar